

1º BACHARELATO 2FLE:

- CO, comprensión oral: 10%
- CE, comprensión escrita: 10%
- EO, expresión oral: 15%
- EE, expresión escrita: 60% (esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 20% e a 2ª proba un 40%)
- O 5% restante corresponderá ás tarefas entregadas dentro de prazos e deberes feitos.

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.